



Informe sobre a clasificación da empresa Indra Sistemas S.A., en relación co procedemento para a contratación administrativa do servizo de mantemento do programa de xestión parlamentaria

Con data de 4 de agosto de 2016 a Mesa do Parlamento de Galicia acordou aprobar os pregos e a apertura da fase de adxudicación desta contratación, mediante un procedemento negociado sen publicidade cun único empresario por razóns de exclusividade.

O 5 de setembro de 2016 foi remitida a preceptiva invitación á empresa Indra sistemas, S.A. que, rematado o prazo concedido, presentou a súa oferta no Rexistro do Parlamento o 12 de setembro de 2016 co nº 52332.

De conformidade co establecido nas cláusulas décimo primeira e décimo segunda da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, establécense as solvencias económica e financeira e a solvencia técnica e profesional, respectivamente.

Presentada pola empresa a clasificación que posúe e revisada a mesma, entre outras posúe a seguinte clasificación Grupo V, subgrupo 02 categoría d.

O grupo V é o referente aos Servizos de Tecnoloxías da Información e as Comunicazóns, e dentro da mesma, o subgrupo 02 corresponde con Servizos de desenvolvemento e mantemento de programas de computador. Os traballos de planificación, análise, deseño, construción, probas e mantemento de sistemas de información (programas e aplicacións informáticas). O cal se axusta a esta contratación.

Á vista do anteriormente exposto, este Servizo de Tecnoloxías informa favorablemente respecto da solvencia tanto económica e financeira, como da solvencia técnica e profesional.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2016.

Servizo de tecnoloxías da información

Pedro Vila López